

Rivera, Mabel

(M^a Isabel Rivera Torres)
(Ferrol, 1952)
Actriz.

Unha das actrices de teatro, televisión e cine máis salientables do panorama cultural galego, acadou unha importante proxección foránea pola súa participación en **Mar adentro** ás ordes de Alejandro Amenábar, pola que recibiu varios premios, entre eles o Goya á Mellor Actriz Secundaria. Licenciada en Filoloxía Inglesa e Posgrao de Especialización en Arte Dramática pola Universidade de Santiago, chegou ó teatro en 1974, poucos meses despois de



Mabel Rivera
en El Orfanato
(J. A. Bayona, 2006)

entrar como tradutora na factoría de Astano en Ferrol, ó formar con outros traballadores do estaleiro un grupo de teatro impulsado por Celestino Ledo, tradutor do alemán na mesma empresa. A chegada da reconversión naval, rematou coa aventura do Grupo de Teatro do Círculo de Perlío, colectivo que chegou a ter dedicación case profesional; moitos dos seus membros seguirían na profesión (Elina Luaces, Francisco Ríos Oti...).

En 1984 Mabel Rivera incorporárase ó Centro Dramático Galego



Mabel Rivera
en *Los fantasmas de Goya*
(M. Forman, 2005)

no seu ano fundacional para integrarse no elenco de *Agasallo de sombras* ás ordes de Roberto Vidal Bolaño. Permanecerá na institución en catro montaxes ata 1999. Igualmente tradutora de textos teatrais para diferentes compañías galegas e axudante de dirección en varias obras, representaría despois co Teatro Malbarate e outras compañías. No medio televisivo participa en 1987 na serie **La memoria fértil** (Televisión Española), dirixida por Doménec Font, á que seguiría **Viaje al español** para a mesma canle. Na Televisión de Galicia —na que xa comezara no elenco de **Os outros feirantes**— fíxose popular coa teleserie **Pratos combinados** e o seu personaxe Balbina. A súa primeira aparición no cine foi cun curto papel en **El bosque animado**, rodada en Galicia por José Luis Cuerda en 1987. Curtametraxes e *tv*movies completan unha traxectoria que tamén inclúe **El orfanato**, un dos grandes éxitos comerciais do cine español. En 2004 fundou co realizador Enrique Banet a produtora Namche Films S.L. especializada en documentais e docuseries. Ó longo da súa carreira recibiu numerosos premios, entre eles un Mestre Mateo e un Saint Jordi.

FILMOGRAFÍA: **El bosque animado** (J. L. Cuerda, 1987); **Os outros feirantes** (teleserie) (TVG 1988); **Trece-uno** (cm) (1999); **Pratos combinados** (teleserie) (TVG, 1995-2003); **Mar adentro** (A. Amenábar, 2004); **Máis que irmáns** (tvmovie) (R. Costafreda, 2005); **Los fantasmas de Goya** (M. Forman, 2005); **Faltas leves** (J. Bayarri/M. Valls, 2005); **Hotel Tívoli** (A. Reixa, 2005); **Hai que botalos** (Colectivo, 2005); **Blackout** (R. Castañeda, 2006); **El orfanato** (J. A. Bayona, 2006); **Mataharis** (I. Bollaín, 2006); **7 pasos y medio** (L. García, 2008); **La condición** (cm) (F. Tedesco, 2008); **O estafador** (tvmovie) (R. Figueras, 2006); **Futuro: 48 horas** (tvmovie) (M. Estudillo, 2008); **Las galas del difunto** (da teleserie **Martes de**

Carnaval, TVE) (J. L. García Sánchez, 2008); **A Bella Otero** (tvmovie) (J. Frades, 2008); **Agallas** (S. Martín/A. Luque, 2008); **Conexión** (tvmovie) (L. Vieira, 2008). [MAF]